# PROGRAMACIÓN
# DE
# LINGUA INGLESA

# 5º/6º PRIMARIA

curso 2021-22

CEIP ADR CASTELAO
ORDES

M.ª Belén Meijide Gestal

ÍNDICE

1.- PRINCIPIOS DOCENTES
2.- OBXECTIVOS
3.- METODOLOXÍA
4.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES
5.- INDICADORES DE COMPETENCIA
6.- AVALIACIÓN. TIPOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS. PONDERACIÓN E RÚBRICAS.
7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
8.- TEMPORALIZACIÓN
9.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

# 1.- PRINCIPIOS DOCENTES

A) O alumno é o único protagonista da súa aprendizaxe. Debe **autoxestionar a súa aprendizaxe** sendo:
- **activo** na realización de **todas as tarefas** de aprendizaxe propostas
- **interactivo** cos seus compañeiros para construir en común
- **protagonista** no proceso de **evaluación**

B) **A motivación intrínseca** é imprescindible para que o alumno se active e realice todas as tarefas intelectuais necesarias para construir a súa propia aprendizaxe (centrarse en **querer aprender e superarse**).

C) A competencia en comunicación lingüística *(**CCL**)* é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, priorizando no ensino da mesma as **estratexias e habilidades comunicativas de carácter oral.**

D) Ofrecer ***formación integral*** de forma **rutinaria e transversal** que inclúa os contidos propios da **materia**, contido brando (**investigación, creatividad**e...) e aspectos relacionados coa i**dentidade física, social e dixita**l do alumnado.

# 2.- OBXECTIVOS

2.1.- Reflexionar sobre o valor que ten a lingua inglesa como forma de conexión cunha comunidade máis global durante a actual situación sanitaria.
2-2.- Adquirir un coñecemento básico da lingua inglesa que lle permita interactuar de maneira efectiva en situacións requeridas tanto no ensino presencial como a distancia.
2.3.- Desenvolver habilidades e estratexias cognitivas, metacognitivas e socioafectivas que lle permitan proseguir, persistir e organizar a propia aprendizaxe, tanto presencial como a distancia.
2.4.- Responsabilizarse da súa aprendizaxe desenvolvendo e/ou fortalecendo habilidades persoais específicas (resiliencia, adaptabilidade, xestión persoal, persistencia, esforzo…) que contribúan a manexar con éxito a súa aprendizaxe presencial e a distancia.

# 3.- METODOLOXÍA

A).- Principios metodolóxicos básicos

3.1.- Competency based language teaching
3.2.- Tasked based language teaching
3.3.- Content based instruction

B).- Estratexias de intervención

3.1.- Scaffolding
3.2.- Tratamento de errores
3.3.- Intervención gradual para a adquisición e automatización de habilidades específicas
3.4.- Promover a reflexión sobre os procesos metcognitivos
3.5.- Promover a adquisición de técnicas de traballo intelectual

C).- Classroom management techniques

3.1.- Follow the learning cycle in lesson plans (explore previous knowledge, guide understanding and consolidate content)
3.2.- Accomodation of our lingüistic ability to different cognitive levels (multi-level classroom):
- Adapting our instructions
- Staging them and checking comprehension constantly by using concept-check questions
- Minding incidental language
- Group work assuming different roles
- Talk-less teaching
- Mix and match free, semi-controlled and controlled activities using English

# 4.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| BLOQUE 1 - COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS | | |
|---|---|---|
| **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** |
| 1.- Estratexias de comprensión oral (Anexo 1) | 1.1.-Identificar unha gama de estratexias de comprensión e aplicalas efectivamente para comprender e/ou interactuar. | 1.1.1.- Anticipa o contido utilizando todos os elementos lingüísticos/ paralingüísticos/contextuais/socioculturais ó seu alcance.<br>1.1.2.-Durante a escoita, identifica e secuencia os elementos lingüísticos coñecidos, e os elementos que caracterizan o acto comunicativo (número falantes, tono de voz, preguntas, estado de ánimo, …)<br>1.1.3.- Comprende a intención do acto comunicativo e distingue entre información global ou específica.<br>1.1.4.- Coñece estratexias para comprender e manter a comunicación nos intercambios (interpreta linguaxe corporal do interlocutor, as convencións do intercambio). |
| 2.- Patróns sonoros, rítmicos e de entonación básicos.<br>3.- Entorno de aprendizaxe:<br>Textos orais breves e sinxelos en lingua estándar, con léxico de máxima frecuencia,articulados clara y lentamente sobre temas do seu interés en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade dos ámbitos persoal, público e educativo, en boas condicións acústicas permitindo volver a reescoitar a mensaxe ou pedir confirmación, e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. | 2.1.- Identificaros patróns de pronunciación e entonación básicos do discurso. | |
| **BLOQUE 2: PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN** | | |
| 1.- Estratexias de producción de mensaxes monolóxicas e dialóxicas habituais no contexto académico. | 1.1.- Coñecer e utilizar estratexias para expresarse de forma clara y coherente de forma monolóxica diante dunha audiencia e de forma dialóxica no contexto académico.<br><br>1.2.- Participar en intercambios breves | 1.1.1.- Planifica un texto monolóxico en base á finalidade comunicativa do mesmo e á audiencia, organizando a súa mensaxe con claridade, utilizando un modelo e/ou un repertorio de frases memorizadas.<br>1.1.2.- Amosa comprensión de como |

| | | |
|---|---|---|
| (Anexo 2)<br><br>2.- Patróns sonoros, rítmicos e de entonación básicos.<br><br>Entornos de aprendizaxe: Breves presentacións orais previamente preparadas sobre temas persoais ou do entorno, conversas informais co profesor, cancións, role-plays, dramatizacións breves... | sobre temas moi familiares utilizando expresións e frases de uso frecuente usando conectores, con pronunciación aceptable, pausas e titubeos, facéndose necesaria a repetición, corrección, parafraseo e cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación..<br>1.3.- Facerse entender en intercambios correxindo e reformulando o que quere dicir e utilizando técnicas lingüísticas e non verbais para manter a comunicación.<br>2.1.- Articular, comprensiblemente un repertorio limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo. | comportarse como falante en situacións monolóxicas e dialóxicas. (convencións propias da situación)<br>1.1.3.- Reaxusta a tarefa ou a mensaxe tras considerar as dificultades e os recursos.<br>1.1.4.- Compensa as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos y paratextuais.<br><br>2.1.1.- Exprésase con entonación e pronunciación adecuada con poucas vacilacións e titubeos en situacións momolóxicas praparadas previamente permitíndose un maior número de vacilacións, titubeos e uso de recursos non lingüísticos en interacións máis espontáneas. |
| **BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | | |
| 1.- Estratexias de comprensión<br>(Anexo 3)<br><br>2.- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos<br>3.- Funcións comunicativas<br><br>4.- Patróns gráficos e convencións ortográficas<br><br>Entornos de aprendizaxe:<br>- O entorno próximo | 1.1.- Identificar o tema, información global e/ou específica en textos breves con vocabulario de alta frecuencia sobre temas familiares empreando as estratexias adecuadas (relectura, apoio visual e contextual, diccionarios…).<br>1.2.- Coñecer e aplicar as estratexias necesarias para a comprensión do texto.<br>1.3.- Ler comprensivamente textos que conteñan vocabulario e expresións familiares con ritmo e pronunciación aceptables.<br><br>2.1.- Identificar o contido sociocultural do texto e reflexionar sobre a súa incidencia na comprensión do texto.<br>3.1.- Identificar a función do texto, as súas características e a súa finalidade comunicativa.<br>4.1.-Recoñecer o significado dos signos ortográficos básicos e outros signos de uso frecuente. | 1.1.1.- Utiliza todos os elementos lingüísticos e paralingüísticos ó seu alcance para a comprensión antes, durante e despois da lectura.<br>1.1.2.- Distingue o tipo de comprensión que requerida.<br>1.1.3.- Le comprensivamente cunha pronunciación, ritmo e entonación adecuada textos breves sobre temas familiares que conteñan vocabulario de máxima frecuencia.<br><br>2.1.1.- Interpreta as convencións sociais que aparecen nos textos.<br><br>3.1.1.- Identifica diferentes formatos de texto e recoñece a súa función comunicativa.<br>4.1.1.- Interésase pola lectura de textos valorando o sentido estético e narrativo. |

| | | |
|---|---|---|
| (tendas, medios de transporte, escola, cines, ocio, museos, restaurantes...)<br>- Correspondencia<br>- Publicacións do seu interés<br>-Historias, contos e lendas<br><br>Formatos:<br>- Notas, letreiros, pósters, carteis, mapas, facturas, menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, programas culturais ou de eventos, folletos turísticos.<br>- SMS, mensaxes, postais, tarxetas, invitacións.<br>- Noticias, artigos, pés de foto, táboas de contido, glosario, enlaces, webs, lyrics/chorus<br>- Historias, contos, lendas, biografías e poemas.<br><br>Funcións lingüísticas:<br>- Saúdos, presentacións, agradecementos, invitacións<br>-Expresión da capacidade, gusto, opinión, acordo, desacordo, sentimento e intención.<br>- Descripción de feitos, lugares, persoas, obxectos, hábitos e plans.<br>- Narración de feitos presentes e pasados.<br>- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. | | |
| **BLOQUE 4 : PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN** | | |
| 1.- Estratexias de producción de textos. (Anexo 4)<br>2.- Patróns gráficos e convencións | 1.1.- Utilizar efectivamente un conxunto de estratexias para crear textos curtos con aceptable claridade, organización e corrección, respectando as convencións ortográficas básicas e os signos de | 1.1.1.- Utiliza estratexias de planificación, execución e revisión para crear un texto escrito.<br>1.1.2.- Utiliza palabras e frases habituais para crear un texto curto cunha |

| | | |
|---|---|---|
| ortográficas<br>3.- Aspectos socioculturales y sociolingüísticos<br>4.-Funcións comunicativas<br>5.- Estructuras sintáctico-discursivas<br>Entornos de aprendizaxe:<br>- Correspondencia de carácter persoal para falar de si mesmo ou da súa contorna, dar instruccións, invitar, felicitar e agradecer. | puntuación.<br>2.1.- Interesarse por mellorar a calidade dos seus textos escritos utilizando os recursos ó seu alcance.<br>3.1.- Incorporar os coñecementos socioculturais propios nas súas creacións.<br>4.1.- Identificar as características e vocabulario requeridos para crear un texto cunha intención comunicativa específica.<br>5.1.- Interesarse pola corrección e o sentido estético nos textos escritos que presenta. | finalidade comunicativa concreta basándose nun modelo.<br>2.1.1.- Usa diccionarios e outros recursos para escribir con corrección palabras e frases de uso común que emprega nos seus textos.<br>4.1.1.- Identifica o propósito do que quere comunicar e adaptao ós recuros lingüísticos que coñece.<br>5.1.1.- Revisa os aspectos gramáticais, organizativos e estéticos do texto antes de presentalo.<br>. |
| **BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL** | | |
| 1.- Aspectos socio-culturais e sociolin-güísticos<br>2.- Léxico de alta fre-cuencia relacionado con:<br>- Ámbito persoal: Identificación per-soal, familia, vivenda, contorno próximo, ocupacións, activida-des diarias, lecer, de-porte, viaxes e vaca-cións, educación, saúde, compras, transporte e alimen-tación.<br>- Ámbito natural e social: Clima, me-dioambiente, contor-na natural e tecnolo-xías da información.<br>3.- Funcións comuni-cativas:<br>- Saúdos, presenta-cións, desculpas, agradecementos, in-vitacións.<br>- Expresión da capa-cidade, o gusto, pre-ferencia, opinión, acordo/desacordo, sentimento e inten-ción.<br>- Descrición de per-soas, actividades, obxectos, lugares, | 1.1.- identificar aspectos socioculturais básicos, concretos e significativos ( hábitos, horarios, celebracións, vivenda, relacións persoais, comportamento social, normas de cortesía ) e aplicar estes coñecementos para comprender e/ou producir un texto oral ou escrito.<br>1.2.- Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para acadar unha aprendizaxe máis integrada.<br>3.1.- Distinguir as principais funcións comunicativas do texto e un repertorio de vocabulario e patróns discursivos básicos máis habituais para esa función. | 1.1.1.-Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas sobre temas familiares.<br>1.1.2.- Desenvólvese en transaccións cotiás.<br>1.1.3.- Participa en conversas nas que se establece contacto social ou hai un intercambio de información.<br>1.1.4.- Acada unha competencia integrada da súa aprendizaxe comparando os aspectos culturais das linguas que coñece. |

| | | |
|---|---|---|
| hábitos e plans.<br>- Narración de feitos pasados, remotos e recentes.<br>- Petición/ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.<br>- Establecemento e mantemento da comunicación.<br>4.- Estructuras sintáctico discursivas:<br>- Relacións lóxicas: Conxunción, disxunción, oposición, causa, finalidade (to- infinitive); comparación<br>- Relacións temporais (when, before, after)<br>- Short answers (afirmativa)<br>- Exclamacións (what a…, how…, exclamatory sentences<br>- Negación: (frases negativas,never, not, non, nobody, nothing<br>- Interrogación (open and close questions)<br>- Expresión do tempo: presente simple, present perfect, simple past, future.<br>- Expresión do aspecto: Puntual, durativo, habitual, frecuencia, incoativo (start+-ing), terminativo (finish+-ing).<br>- Expresión da modalidade: Factualidade (declarative sentences), capacidade, posibilidade, necesidade, obriga, permiso, intención.<br>- Expresión da existencia, entidade, calidade (very), cantida- | 4.1.- Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia e manexar estructuras sintácticas básicas usando conectores. | |

| | | |
|---|---|---|
| de (sing/plural, números de más de 4 dígitos), ordinales de más de 2 dígitos), cantidade (all, many, a lot, some, a few, a little, more, much, half, a bottle/cup/lglass), grao (very, too, enough).<br>- Expresión do espazo (preposicións, adverbios de lugar, posición, distancia, movimiento, dirección, origen).<br>- Expresión do tempo cronolóxico e atmosférico e as súas divisións, indicacións temporais, duración, anterioridade, posterioridade, secuencia, simultaneidade, frecuencia.<br>- Expresión do modo | | |

# 5.- INDICADORES DE COMPETENCIA

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Comprende a idea global de textos orais e escritos de diferente natureza, así como os detalles específicos.
- Recoñece as funcións comunicativas básicas e os formatos correspondentes e empregaos adecuadamente.
- Produce textos orais cunha intención determinada cunha aceptable pronunciación e entonación, usando as convencións adecuadas.
- Le comprensivamente textos escritos cunha velocidade e pronunciación adecuada.
- Expresa ideas por escrito de forma clara e coherente atendendo á a función comunicativa requereida e á audiencia a que se dirixe, con corrección gramatical aceptable.

**COMPETENCIA DIXITAL**

- Identifica as partes básicas dun PC en inglés e coñece a súa función
- Identifica os formatos dixitais máis habituais (blog, web, aula virtual,...)
- Coñece as convencións para as comunicacións electrónicas.
- Localiza e contrasta información a través dos buscadores.
- Coñece diferentes ferramentas específicas da clase de inglés (diccionario online, grabadora, …)
- Desenvolve un mínimo de habilidades requeridas para a enseñanza a distancia (escribe, garda, descarga, envía, saca fotos, copia, pega…)
- Usa Internet de forma responsable.

**APRENDER A APRENDER**

- Tomar conciencia das necesidades, os procesos de aprendizaxe e formas de aprendizxe.

- Amosa iniciativa, responsabilidade e perseverancia na tarefa, comprometéndose a construir coñecemento.
- Coñece e usa as súas motivacións para aprender.
- Supera o rechazo do error.
- Identifica e planifica os seus hábitos de estudo.
- Autorregula secuencias específicas dos seus procesos de aprendizaxe

**COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Adapta a súa actitude ás circunstancias da situación comunicativa.
- Ten espectativas positivas sobre o seu traballo escolar.
- Participa no consenso das normas da clase e ponas en práctica.
- Acepta e respecta a todos os membros da clase.

# 6.- AVALIACIÓN: TIPOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

A avaliación será contínua, flexible, contextualizada, individualizada e por competencias. Tamén estará determinada polas circunstancias do alumnado en relación á súa situación covid-19.
Contempla moitos aspectos, non só os exames.

**Tipos de avaliación:**

- Avaliación inicial (setembro), de carácter diagnóstico coa finalidade de:

- Coñecer o grao de adquisición das aprendizaxes o curso anterior (**Instrumentos de avaliación**: actas de avaliación, probas orais e escritas específicas de lingua inglesa)
- Identificar dificultades persoais en relación coa aprendizaxe (**Instrumento**: Observación directa e conversa co equipo docente/orientador do ano anterior, informes no expediente)
- Identificar aspectos que favorecerían o seu desenvolvemento académico (**Instrumento**: Observación e conversa co equipo docente anterior)

- Avaliación contínua (todo o curso) coa finalidade de:

- Determinar o rendemento xeral acadado e a e o grao de adquisición das aprendizaxes programadas en canto a destrezas lingüísticas orais e escritas ( **Instrumentos de avaliación**: Observación, análise e interpretación das evidencias, productos e traballos do alumnado; probas específicas de carácter conceptual, cognitivo e/ou procedimental, rúbricas, escalas de autoavaliación, avaliación entre pares)
- Determinar o grao de desenvolvemento actitudinal necesario para levar con éxito as aprendizaxes programadas (**Instrumentos**:observación en clase, conversacións informais...)
- Determinar a incidencia que poideron ter circunstancias asociadas ó covid-19 no seu rendemento e aprendizaxe:
  - Absentismo, asistencia irregular, circunstancias de confinamento,
  - Circunstancias persoais que dificulten o ensino a distancia, se fora o caso (desconexión)
- Determinar outras circunstancias que poideran influir no seu rendemento académico en referencia a motivación, hábitos de traballo, estratexias de traballo intelectual, aspectos de comportamento, recursos, metodoloxía empregada, dificultades de aprendizaxe... (**Instrumentos**:observación, informes anteriores...)

**PONDERACIÓN - ENSINO PRESENCIAL – NON PRESENCIAL**

- 30% - PROBAS ORAIS - Probas tipo:

  - Speaking tests
  - Listening tests
  - Presentacións orais

- 30% - PROBAS ESCRITAS - Probas tipo:

  - Minitests
  - Grammar tests
  - Reading comprehension

- 20% - ACTITUDE

  - Participación
  - Esforzo
  - Interés

- 20% - PRODUCCIÓNS - Produccións tipo

  - Caderno
  - Deberes, fichas
  - Proxectos
  - Textos escritos

- No caso de ensino semipresencial ou non presencial, eliminaranse as probas orais e incrementaranse nun 10% o resto das porcentaxes.

# RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

## LINGUA ORAL - PRESENTACIÓNS MONOLÓXICAS

| | OUTSTANDING | OK | POOR |
|---|---|---|---|
| PRONUNCIATION | Pronuncia todas ou a maioría das palabras correctamente, esforzándose por soar natural. | Algunhas palabras non as pronuncia correctamente e soa forzado. | Presenta mnoitos erros de pronunciación e custa entender o que di. |
| INTONATION | Ten moi boa entonación, axeitada ó que quere transmitir. Fai as pausas precisas nas comas e puntos, expresándose con naturalidade. | A entonación pode fallar en ocasións, esquecendo facer algunha das pausas. | A entonación é mala, non se axusta ao que quere transmitir. Non fai pausas. |
| FLUENCY | Fala con moita soltura, con claridade e sen vacilacións; o discurso flúe de forma natural. | Fala con certa soltura ainda que pode presentas vacilacións e inseguridades polos nervios. | Fáltalle soltura. O discurso é descoordinado e titubea constantemente. |
| BODY LANGUAGE | Ten boa postura corporal, xesticula co corpo e as mans. Establece contacto visual. | A postura corporal vese afectada polas inseguridade e polo nerviosismo, pero e quen de falar e expoñer o tema. Relativa rixidez. Cústalle manter contacto visual. | A postura corporal vese afectada pola inseuridade e nerviosismo. Case non é quen de presentar o tema. Moita rixidez. Non establece contacto visual. |
| VOICE | Utiliza volume de voz axeitado e o seu ton é expresivo e natural. | O volume da voz resulta algo baixo e o seu ton algo monótono. Non fala con determinación pero é quen de expoñer o tema. | Usa un ton e volume de voz excesivamente baixo, case inintelixible. |
| VOCABULARY | Usa vocabulario amplo e variado, con expresións relacionadas co tema. | Usa o vocabulario e expresións básicos requeridos no tema. | Usa un vocabulario e expresións pobres. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| GRAMMAR | Utiliza a gramática do tema correctamente ou case sen erros. | Utiliza parte da gramática requerida, podendo cometer algúns erros. | Comete moitos erros gramaticais. |
| PARTS - CONTENT | Abporada todas as partes do tema, ben estructuradas e en orde, amosando bo entendemento e preparación. | Fáltanlle algunhas das partes do tema, podendo mesmo presentalas en desorde. | Faltánlle moitas partes do tema e están mpi desorganizadas e desordenadas. |
| CONNECTORS | Utiliza unha ampla gama de conectores: First, besides, however, so, finally, | Utiliza os conectores mási básicos: And, but, too. | Case non usa conectores. Utiliza frases soltas. |
| RISK | Fai aportacións propias e novedosas, á marxe do modelo aportado na aula. | Fai alunha aportación extra, pero moi básica e pouco novidosa. | Non fai ningunha aportación extra. |
| **LINGUA ORAL - READING ALOUD** | | | |
| | OUTSTANDING | ON THE AVERAGE | POOR |
| PRONUNCIATION | Pronuncia todas as palabras correctamente | Algunhas palabras (máis de 3) non as pronuncia correctamente. | Presenta erros de pronuncia, custa entender o que di. |
| FLUENCY | Le con moita seguridade, sen apenas vacilacións; a lectura flue de xeito natural. | Le con certa soltura, aínda que pode presentar vacilacións e inseguridade polos nervios. | Faltálle soltura: a lectura é descoordinada e titubea constantemente. |
| VOLUME | Utiliza volume de voz axeitado | O volume de voz resulta algo baixo e o seu ton é algo monótono. Non le con determinación pero é quen de facelo. | Usa un ton e volume de voz excesivamente baixos, case inintelixibles |
| INTONATION | Ten boa entonación, fai as pausas precisas, adecúase ó contido do que le: exclamacións, interrogacións…<br>Soa expresivo. | Ten boa entonación pero pode non adaptarse ó contido do que le e non r esulta moi expresivo. | Entonación mala con moitos titubeos e vacilacións, non fai pausas, non se adecúa ó que lle. |
| **LINGUA ESCRITA - WRITING** | | | |
| | OUTSTANDING | ON THE AVERAGE | POOR |
| PRESENTATION | Presentación excelente, letra moi coidada, clara e limpa, sen riscos nen chataduras. Respecta as marxes. | Presentación correcta, letra clara pero non coidada. Poden aparecer riscos e tachaduras. As marxes non están ben marcadas. | Presentación pobre. Mala letra, descoidada, con riscos e tachaduras e non respecta as marxes. |
| TITLE - DATE | Aparece o título centrado e destacado xunto coa data. | Pode non aparecer o título ou a data. | Non aparece nin o título nin a data. |
| PART - CONTENTS | Respecta o formato solicitado. As partes e párrafos requeridos aparecen claramente identificados e ben separados. | Pode faltar algunha das partes ou párrafos requeridos e non estar ben separados para poder identificalos. | Non aparece o formato requerido. Todas as partes están mesturadas ou non aparecen. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| VOCABULARY | Emprega un vocabulario e expresións amplos e variados relacionado co tema. | Emprega vocabulario e expresións básicos relacionados co tema. | O vocabulario e expresións son moi pobres. |
| GRAMMAR | Utiliza as expresións gramaticais requeridas sen cometer apenas erros. | Usa parte das expresións requeridas podendo cometer algúns erros (ata 5) | A gramática é moi pobre e con moitos erros (máis de 5) |
| CONNECTORS | Aparece unha ampla variedade de conectores: So, finaly, also, besides, however | So aparecen conectores básicos: And, so, but | Non aparecen conectores, so frases ailladas. |
| SPELLING | Non comete erros ortográficos ou son moi escasos (menos de 2) | Pode cometer ata 5 erros ortógráficos. | Comete máis de 5 erros ortógráficos. |
| PUNTUATION | A puntuación é perfecta. Aparecen maiúsculas, puntos e comas. | A puntuación é correcta, pero pode cometer alún erro. | A puntuación é pobre e faltan puntos, comas e maíúsculas. |
| RISK | Fai aportacións propias enriquecedoras e innovadoras. | Pode facer algunha aportación propia pero non é novedosa nin enriquecedora. | Non fai aportacións propias. |
| EFFORT | Amosa interés na preparación do tema, realizando un escrito longo e amplindo información | Limítase a realizar o mínimo para cumplir co requerido. | Non se aprecia esforzp. A redacción é curta e pobre. |
| **LINGUA ESCRITA - PROJECTS** | | | |
| | OUTSTANDING | ON THE AVERAGE | POOR |
| PRESENTATION | Presentación excelente: Letra clara e coidada, respecta marxes e non presenta riscos e tachaduras. | Presentación correcta: letra lexible pero non moi coidada, respecta parcialmente as marxes e poden aparecer erros e tachaduras. | Presentación pobre: letra moi descoidada, non respecta as marxes e aparecen erros e tachaduras. |
| TITLE - DATE | Aparece o título no lugar adecuado así como a data. | Pode non aparecer o título ou a data. | Non aparece nin o título nin a data. |
| PARTS - CONTENT | Respecta a estructura solicitada: Aparecen as partes e os párrafos requeridos ben identificados. | Respecta parte da estructura solicitada:Pode faltar algunha das partes ou párrafos requeridos ou non estar ben identificados. | Non respecta a estructura solicitada; faltan partes e párrafos requeridos. |
| VOCABULARY | Utiliza un vocabulario amplo e rico sen apenas erros ortógráficos (máximo 2) | Utiliza o vocabulario básico do tema e poden aparecer varios erros ortográficos (ata 5). | Utiliza un vocabulario pobre e con moitas faltas (máis de 5). |
| GRAMMAR | Emprega correctamente as expresións gramaticais requeridas ata un máximo de 2 erros. | Emprega parte das expresións gramaticais requeridas ata un máximo de 5 erros. | Non emprega as expresións requeridas e comete moitos erros (máis de 5). |
| **ATTITUDE** | | | |

| | OUTSTANDING | ABOVE THE AVERAGE | ON THE AVERAGE | BELOW THE AVERAGE | POOR |
|---|---|---|---|---|---|
| **PARTICIPATION** | Participa en todas as actividades. Ofrécese voluntario. Axuda e colabora cos compañeiros. Comparte ideas e non protesta polo traballo. | Participa na maiotr parte das actividades. Axuda ós compañeiros. Pode compartir algunhas ideas e non adoita protestar polo traballo. | Participa nalgunhas actividades. Ás veces axuda ós compañeiros. S veces comparte ideas. Pode protestar polo traballo. | Participa en poucas actividades. Non soe colaborar e axudar cós compalñeiros. Non adoita compartir ideas e soe protestar polo traballo. | Nunca participa nas actividades. Di cousas negativas dos compañeiros chegando a amolalos. Non é colaborador e non comparte ideas. Sempre protesta polo traballo. |
| **SELG ORGANIZATION** | Trae sempre o material preciso. Organiza moi ben o tempo. Concéntrase no traballo. Non fala cos compañeiros.Remata as tarefas antes de tempo. | Habitualmente trae o material. Organízase ben, soe concentrarse no traballo. Pode cuchichear cos compañeiros pero non interrumpe. Remata as tarefas a tempo. | Algunhas veces esquece algún material. Tarda algo en organizarse.Cústalle traballo concentrarse. Fala cos compañeiros e pode interrumpir a clase. Non soe rematar as tarefas a tempo aínda que fai a metade do proposto. | Non soe traer o material, non é quen de organizarse. Tarda moito en concentrarse, fala moito cos compañeiros, mesmo cos que están lonxe e molesta. Non soe rematar as tarefas a tempo e soe facer moi poucas. | Non soe traer o material. Non é quen de organizarse. Non se concentra no traballo. Fala en voz alta e é moi disruptivo. Nunca remata as tarefas a tempo e moitas veces non chega a inicialas. |
| **ATTENTIVENESS** | Sempre presta atención das explicacións. Segue as indicacións, resalta información importante e toma nota. Sempre pregunta dúbidas. | Xeralmente presta atención ás explicacións; segue as indicacións, resalta información importante e soe tomar notas. Adoita preguntar dúbidas. | Soe prestar atención ás explicacións pero pode perder algunha información. Segue as indicacións aínda que non resalta información importante e non soe tomar notas. Cústalle preguntar dúbidas. | Cústalle prestar atención ás explicacións e ten problemas á hora de seguir as indicacións. Non soe resaltar información importante nin tomar anotacións. Non adoita preguntar dúbidas. | Non presta atención ás explicacións. Non segue as explicacións e perde a maioría da información. Nuca pregunta dúbidas. |
| **RESPONSABILITY** | Sempre trae as tarefas feitas e con boa presentación. Amosa moito interese na corrección, detectanto os seus erros e preguntando dúbidas. | Case sempre trae as tarefas rematadas ainda que pode esquecer algunha. Preocúpase pola súa presentación. Adoita estar atento á súa corrección e a preguntar dúbidas. | Non sempre trae as tarefas feitas e pode esquecer parte das mesmas. Non amosa moito interese na súa presentación. Despístase na corrección e non adoita preguntar dúbidas. | Non adoita traer as tarefas e/ou esquece a maioría. Non se preocupa pola presentación, non atende á súa corrección e non soe preguntar dúbidas. | Nunca fai as tarefas. Nunca se preocupa pola súa presentación. Nunca atende á corrección e nunca pregunta dúbidas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **USE OF ENGLISH IN CLASS (Conxunto de expresións memorizadas que se usan nos intercambios rutinarios de clase)** | Sempre se expresa en inglés na aula.Ten moita fluidez. | Adoita falar en inglés aínda que as veces emprega español e hai que lembrarllo. Ten bastante fluidez. | Habitualmente fala na lingua materna e cando se lle recorda pasa ó inglés aínda que con dificultades. Ten pouca fluidez. | Sempre fala na lingua materna na aula, e cando se lle recorda intenta usar o inglés pero con dificultade. Ten pouca fluidez. | Nunca usa o inglés na aula. Resultalle imposible. |

## PRODUCCIÓNS – CADERNO DE CLASE – FICHAS

| | VERY GOOD | OK | POOR |
|---|---|---|---|
| DATE | Aparecen todas as datas | Faltan alunhas datas | Non están as datas ou faltan moitas |
| TITLES | Aparecen os títulos ó principio de cada unidade e están destacados (in red and underlined) | Faltan algúns títulos, non aparecen centrdos ou destacados | Faltan todos ou a maioría dos títulos. Non aparecen destacados |
| INDEX | Cada unidade conta coa súa táboa de contidos despois do título. | Faltan algunhas táboas de contidos ou non están ben colocadas. | Non aparecen as táboas de contidos . |
| PARTS | O caderno conta coas partes precisas (word bank, classroom language…) e están ben organizadas. | Faltan partes no caderno e ás veces aparecen mesturados e colocados donde non corresponden. | Faltan moitas partes ou non están na orde correcta, aparecendo todo mesturado. |
| PRESENTATION AND ORGANIZATION | O caderno está curioso e limpo e a letra coidada. Usa cores para destacar títulos e datos importantes. Respecta as marxes e estructura o espazo da páxina. Non hai páxinas en branco ou do revés. | O caderno está relativamente curioso pero pode haber riscos e tachaduras. A letra non é moi coidada. Algunha páxina non está moi ben estructurada e non sempre respecta as marxes. Hai algunhas páxinas en branco ou do revés. | O caderno está pouco curioso e a letra é descoidada. Non utiliza cores para resaltar datos importantes ou datos. Non estructura ben as páxinas e non respecta as marxes. Hai moitas páxinas en branco ou do revés. |
| ACTIVITIES | Todas as actividades propostas están resoltas e responden a un enunciado escrito. | Faltan algunhas das actividades propostas ou non responden a ningún enunciado. | Falta a maioría das actividades propostas e non aparecen os enunciados. |
| | | | |

# 7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O tipo de alumnado con necesidades específicas neste curso, responde á seguinte tipoloxía:

- necesidades específicas por condicións persoais
- dificultades específicas de aprendizaxe
- dificultades por incorporación tardía

A atención a este alumnado materializarase baixo o seguinte formato:

- Plans de reforzo(Anexo VII) para todo o alumnado que pasou de nivel sen acadar as aprendizaxes mínimas do nivel anterior; desenvolverase ó longo do curso e será implementado polo mestre da área.
- Uso dos correspondentes protocolos co alumnado con informe diagnóstico

## ANEXO:Plan de recuperación e reforzo para o alumnado que non superou a área

| 5º NIVEL | 6º NIVEL |
|---|---|

| | |
|---|---|
| • Vocabulario básico: Días, alfabeto, números, obxectos da escola, rutinas, adxectivos, lugares da cidade, posicións, partes do corpo, animais<br>• Funcións lingüísticas: Expresar accións rutinarias, expresar a presenza,/ausenza, expresar a posesión, expresar gustos e preferencias, localizar obxectos no espazo, dicir a data<br>• Aspectos gramaticais: Presente simple, concordancias singular e plural, preposicións, to be, have got<br>• Avaliación: Obervación en clase para constatar os progresos realizados na lingua e o grao de autonomía acadado. | • Vocabulario básico: Días, meses, números, obxectos da escola, lugares da escola, deportes, accións, rutinas, adxectivos, lugares da cidade.<br>• Funcións lingüísticas: Expresar accións momentáneas e rutinarias, expresar a presenza/ausenza, expresar a posesión, expresar a existencia, comparar, contar, dicir a data, expresar cantidade, caracterizar, expresar gustos e preferencias, expresar a hora, expresar feitos pasados<br>• Aspectos gramaticais: Presente simple/contínuo, there is/are, a/some/any, I like/don´t like, pasado simple en afirmativa, I have/haven´t got, comparativos e superlativos, concordancias singular/plural<br>• Avaliación: Obervación en clase para constatar a progresiva incorporación de estratexias, lingua de aula, técnicas de traballo intelectual, vocabulario e estructuras reforzadas nas súas rutinas de aprendizaxe e tarefas de diarias. |

# 8.- MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS.TEMPORALIZACIÓN

Os materiais curriculares empregados son os seguintes:

- 5º nivel: All about us 5, Bazo, P., Peñate, M., Reilly, V. - OUP
  Class Book – ISBN 9780194562409
  Activity Book – ISBN 9780194562225

- 6º nivel : All about us 6 , Morgan, H., Bazo, P., Peñate, P. Reilly, V. - OUP
  Activity Book - ISBN 9780194562416

Os recursos educativos empreagados serán:

- Aula virtual
- Blog de Lingua Estranxeira

Distribución temporal aproximada por unidades e táboas de contido básico nos dous niveis:

<table>
<tr><td rowspan="4">SETEMBRO</td><td colspan="2">Starter unit (1 – 30 setembro)</td></tr>
<tr><td colspan="2">Enter test (27 setembro – 1 outubro))</td></tr>
<tr><td>TABLE OF CONTENT - YEAR 5</td><td>TABLE OF CONTENT - YEAR 6</td></tr>
<tr><td>Vocabulary:<br>• Hobbies<br>• Physical appearence<br>• Personality adjectives<br>• Subjects<br>• Frecuency adverbs<br>• Greetings<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Give personal information about myself (I´m, I´ve got, I like)<br>• Give personal information about others ( He´s, He´s got, He likes…)<br>• Possesive case</td><td>Vocabulary:<br>• Hobbies<br>• Physical appearence<br>• Personality adjectives<br>• Quantifiers and numbers<br>• Cooking<br>• Greetings<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Give personal information about myself (I´m, I´ve got, I like)<br>• Give personal information about others ( He´s, He´s got, He likes…)<br>• Comparing people</td></tr>
</table>

| | | |
|---|---|---|
| | • Introducting people, things ( this is / these are)<br>• Understand and give information about subjects at school, timetables and how often you do things at school. | • Introducting people, things ( this is / these are)<br>• Address<br>• Cooking verbs and quantities in recipes |
| OUTUBRO | Unit 1 (1 – 31 de outubro) | |
| | TABLE OF CONTENT - YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Classroom language<br>• Sports and activities<br>• Time expresssio (feelings)<br>• Question words: Why/because<br>• Halloween words<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Like + -ing (review)<br>• Present simple- routines<br>• Present simple *vs* continuous<br>Communication skills:<br>• Sport routines<br>• Give a reason<br>• Agreeing/ disagreeing<br>• Halloween routines<br>Project:<br>• Article about a famous sport person | Vocabulary:<br>• Classroom language<br>• Technology devices<br>• Adjectives<br>• Possessive adjectives/pronoums<br>• Actions<br>• Halloween words<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• possessive adjectives and pronoums<br>• Purpose infinitive<br>Communication skills:<br>• Describing technoloical devices<br>• Expressing possession<br>• Talking about what you use technology for<br>• Sequencing instructions<br>• Halloween routines<br>Project:<br>• Writing instructions to create an avatar |
| NOVEMBRO | Unit 1 test ( 1– 7 novembro) | |
| | Unit 2 ( 8 novembro – 5 decembro) | |
| | TABLE OF CONTENT - YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Animals<br>• Adjectives<br>• Hobbies (music)<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Comparatives and superlatives<br>Communication skills:<br>• Giving opinions<br>• Talking about favourites<br>• Comparing<br>Project:<br>• Presentation about animals | Vocabulary:<br>• Adjectives<br>• Past tense (review)<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Comparatives and superlatives<br>Communication skills:<br>• Talking about a day out<br>• Comparing<br>• Talking about characters in a story<br>Project:<br>• Write a holiday advert |
| DECEMBRO | Unit 2 test ( 6-12 decembro) | |
| | CHRISTMAS (13 – 22 decembro) | |
| XANEIRO | Unit 3 (10 xaneiro – 6 febreiro) | |
| | TABLE OF CONTENT – YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Places in the town<br>• Positions<br>• Directions<br>• Adjectives<br>• Classroom language | Vocabulary:<br>• Travelling<br>• Positions<br>• Classroom language<br>Grammar:<br>• Necessity: Need/don´t need |

| | | |
|---|---|---|
| | Grammar:<br>• To be – Past simple<br>• There was/were<br>Communication skills:<br>• Locating places in the city<br>• Asking and giving directions<br>• Talking about the past<br>• Exclamations! What a ….!<br>• Expressing feelins and mods in the past<br>Project:<br>• Report about your town in the present/past | • Obligation: Must/musn´t<br>Communication skills:<br>• Asking politely<br>• Showing necessity (obligation)<br>• Expressing obligation<br>• Asking information about when travelling<br>Project:<br>• Write a magazine advice column |
| FEBREIRO | Unit 3 test ( 7 – 13 febreiro) | |
| | Unit 4 ( 14 febreiro – 20 marzo) | |
| | TABLE OF CONTENT – YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Jobs<br>• Actions<br>• Countries/nationalities<br>• Classroom languages<br>Grammar:<br>• Past tense (regular/irregular)<br>Communication skills:<br>• Talk about past actions<br>• Describe people from the past<br>• Expresssing preferences<br>Project:<br>• Write a biography about somebody´s job | Vocabulary:<br>• Free time activities<br>• Time expressions (duration)<br>• Classroom languages<br>Grammar:<br>• Past tense (regular/irregular) in affirmative, negative, questions<br>• Question words- Where, how long, what, who, how many, when<br>Communication skills:<br>• Talk about the past<br>Project:<br>• Write a postcard |
| MARZO | Unit 4 test ( 21 – 27 marzo) | |
| | EASTER | |
| ABRIL | Unit 5 ( 28 marzo – 30 abril) | |
| | TABLE OF CONTENT - YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Shopping<br>Grammar:<br>• Past simple (review) Affirmative-negative-questions<br>• Obligation<br>• Can for permission<br>Communicative skills:<br>• Game: I spy…<br>• Express obligation<br>• Expressing permission<br>• Asking a friend about last holiday<br>Project:<br>• Report about special clothes made from special materials | Vocabulary:<br>• Activities<br>• Adjectives (review)<br>• like+-ing<br>Grammar:<br>• Present continuous (review)<br>• Past continuous<br>• Question words – what<br>• Short answers<br>Communicative skills:<br>• Talking about the past<br>• Asking about the past<br>Project:<br>• Write about a diary enter |
| MAIO | Unit 5 test (1 – 8 maio) | |
| | Unit 6 ( 9 maio – 5 xuño) | |
| | TABLE OF CONTENT - YEAR 5 | TABLE OF CONTENT - YEAR 6 |
| | Vocabulary:<br>• Holiday activities | Vocabulary:<br>• Jobs |

| | | |
|---|---|---|
| | Grammar:<br>• Have to (review)<br>• Future. Going to<br>Comunicative skills:<br>• Requesting politely<br>• Asking for obligation<br>• Talking about future plans<br>Project:<br>• E mail descibing future summer plans | Grammar:<br>• Future: Will<br>• Want/don´t want<br>• Need to<br>Comunicative skills:<br>• Talking about your future job intention<br>• Talking about Possiblities in the future<br>• Making future predictions<br>Project:<br>• How school will be in the future |
| XUÑO | Unit 6 test ( 6 – 12 xuño) | |

# 9.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Esta programación será revisada trimestralmente no contexto das reunións de nivel dos equipos docentes. As enmendas ou modificacións serán recollidas nas actas correspondentes .